

FEIRA DOS PRODUTOS APÍCOLAS - 16 de setembro en Allariz

A Escola Galega de Apicultura, integrada por AGA, Concello de Allariz e Fundación Ramón González Ferreiro, organiza esta feira na que participarán os alumnos e alumnas do Curso Superior de Apicultura Comercial, celebrado esta primavera en Allariz e que remata con esta práctica.

O obxectivo principal do evento é poñer en valor a diversidade e riqueza dos produtos da colmea e o seu potencial no mercado. Será unha feira "con valor engadido", cunha ampla e variada oferta de produtos de apicultores e apicultoras e casas comerciais galegas e extranxeiras. Haberá tamén un programa de actividades paralelo, con consultorios sobre os usos e propiedades dos produtos apícolas e a apiterapia, obradoiros de cosmética apícola e catas de mel, entre outros. Tamén ofreceremos actividades dirixidas a apicultores e apicultoras, sobre a saúde das abellas e a *Vespa velutina*, obradoiros para nenos e nenas, actuacións e moito máis. Co fin de valorar a presentación e a oferta dos expositores, organizaremos un concurso no que o público poderá votar ó mellor expositor en función dos seguintes criterios: imaxe, calidade, orixinalidade e variedade dos produtos e do posto. O programa completo publicárase a principios de setembro.

Inscripción e selección

Para inscribirse é preciso cubrir a solicitude e enviar a AGA antes do 15 de agosto. A organización fará a selección dos expositores según a orde de prioridade que expoñemos a continuación e comunicará ó solicitante a súa admisión antes do 31 de agosto. A participación será de balde.

Orde de prioridade para a selección de expositores

- 1º Participantes do Curso Superior de Apicultura Comercial
- 2º Socios e socias de AGA con produtos con valor engadido
- 3º Resto de socios e socias de AGA
- 4º Empresas convidadas

Condicións de participación

Todos os produtos expostos deberán estar etiquetados según a normativa vixente e cada participante responsabilízase das correctas condicións dos seus produtos. Fixarase un prezo mínimo de venda de 9 € o bote de 1 Kg e 5 € o 1/2 Kg.

SOLICITUDE INSCRICIÓN FEIRA

Nome socio/a:.....

Tel.:..... Email:

Breve descrición dos produtos (adxuntar unha imaxe de cada produto):

A persoa asinante declara que os produtos expostos estarán etiquetados según a normativa vixente, responsabilízase das súas correctas condicións para a venda e acepta a fixación dun prezo mínimo de venda de 9 € o bote de 1 Kg e 5 € o bote de 1/2 Kg. A organización comunicará a admisión antes do 31 de agosto de 2018.

Enviar a AGA antes do 15 de agosto. Por email a info@apiculturagalega.es ou por correo a AGA - Feira Nova s/n 15819 Santa María (Arzúa)

En, a de de 2018

Asdo

APICULTURA 2018

Despois dunha saída do inverno con grandes perdas de enxames debido as consecuencias da seca do ano pasado, dos efectos da velutina e outros, o arranque deste ano tamén resultou nefasto. Á debilidade dos enxames hai que sumarlle o mal tempo que padecemos nestes primeiros 6 meses do ano de tal xeito que a colleita da primavera, foi cativa ou nula. De como vai evolucionar a situación a partir de agora aínda non estamos seguros, pero as cousas non pintan ben.

En canto á velutina, vemos que ven con retraso e tamén pode ocorrer que este ano non sexa tan bo para elas debido as condicións climáticas, pero témolas aí e a nosa Administración competente segue sen tomar isto en serio. Temos novas de avances na investigación: feromonas sexuais, sobre a localización de niños por parte de investigadores ingleses, eliminación de niños con disparos de bolas con biocidas por parte dunha empresa francesa...

Nesta situación de febleza, os apicultores acudiron masivamente a alimentación suplementaria, copiando o que fan outras ganderías, pero non esquezamos que a produción de mel ten que vir das flores. Mellor sería ir pensando noutras formulas de manexo, como por exemplo a transhumancia, tanto para mellorar a colleita como para escapar da velutina ou para reproducir colmeas e repoñer ou vender núcleos a principios do seguinte ano.

CURSO DE SANIDADE E MANEXO NA ESCOLA GALEGA DE APICULTURA

Estamos preparando un programa de formación na EGA para desenvolver a partir do outono e do que informaremos á volta do verán. Como adianto, informamos que organizaremos un Curso de Sanidade e Manexo, que terá como obxectivo mellorar a saúde das nosas abellas e facer máis eficiente o manexo das colmeas para obter unha maior rentabilidade e sustentabilidade das explotacións apícolas. Vai dirixido principalmente a apicultores e apicultoras con experiencia e a aqueles que queiran adicarse á formación. No mes de setembro publicaremos o programa completo e abrirase o prazo de inscrición.

RESOLUCIÓN DO PLAN APÍCOLA

Acaban de comunicarnos a resolución da subvención do Plan Apícola 2018. Para AGA concederon un total de 185.529,98 €, que se reparten do seguinte xeito: técnicos 80% do seu custe (48.000 €), tratamentos varroa 80% (104.956,83 €), alimento 50% (28.151,08 €) e cera 9% (4.422,07 €).

No alimento devolverase polo tanto o 50 %, como máximo 2 € por colmea, e na cera o 9 %. No caso do tratamento da varroa xa non se devolve nada pois pagouse a prezo subvencionado. A Consellería de Medio Rural realizará o ingreso da subvención a AGA no mes de outubro, polo que a devolución ós socios e socias farase entre os meses de novembro e decembro no nº de conta indicado para a domiciliación da cota de AGA e no caso de non ter a cota domiciliada hai que poñerse en contacto con AGA para acordar a forma de pago. Lembramos que o prazo para recoller o alimento e a cera remataba o 7 de xullo e os tratamentos da varroa xa repartíronse según o calendario publicado, os que teñen máis de 100 colmeas recibírono no seu domicilio. Os socios e socias que non o recolleran, por favor que o fagan o antes posible.

VACACIÓNS AGA E ERICA

Do 15 ó 31 de agosto AGA e Erica Mel permanecerán pechadas por vacacións do persoal. Pregamos ós socios e socias que teñan que facer algún pedido, que o fagan con tempo suficiente de antelación.

MÁIS INFORMACIÓN

Asociación Galega de Apicultura
Feira Nova s/n 15819 Santa María (Arzúa)
Tel. 981 508 142 / 630 069 637
www.apiculturagalega.es / info@apiculturagalega.es